




I concurso de tarxetas de nadal



Bases

Participantes. Poden participar alumnos de Infantil, Primaria e Secundaria que cursen estudos en Galicia e non teñan cumpridos os 18 anos o 31 de decembro deste ano.

Modalidades. Os traballos deberán ser tarxetas de Nadal orixinais e inéditas, en tamaño DIN-A4 con marxes non inferiores a 5 mm. A técnica e o soporte serán libres.

Presentación. A obra firmarase na parte traseira cun pseudónimo. Este pseudónimo e o título da obra tamén figurará nun sobre pechado no que se introducirán os datos persoais do autor (nome, idade, enderezo, teléfono particular, curso e Centro onde estudia), que –para acreditar a súa condición académica– virá selado polo Centro. No exterior do sobre figurarán unicamente o pseudónimo e o título da obra. Traballos e plica enviaranse conxuntamente a: PREMIOS VOZESNAVOZ. La Voz de la Verdad. Rúa Bispo Aguirre, 17 27002 LUGO

Prazo. O prazo de presentación remata o 28 de novembro.

Xurado. Estará constituído por profesores das diferentes etapas académicas e de distintos centros de ensino e por profesionais do sector gráfico e darase a coñecer con anticipación á emisión do fallo.

Premios. O xurado concederá dous premios por etapa académica. En educación infantil dous lotes de libros, en educación primaria un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 120 € e outro de 70 € e en educación secundaria un cheque-agasallo intercambiable por libros ou material escolar de 150 € e outro de 100 €. Se na opinión do Xurado a calidade das obras así o requirise poderán outorgarse accésits. Os premios poderán ser declarados desertos.

Fallo. Farase público nos medios de comunicación e no establecemento e comunicarase ós colexios dos participantes.

Final. Os premios serán entregados nun acto celebrado en La Voz de la Verdad o día 12 de xaneiro ás 19'30 horas As obras presentadas quedarán en propiedade da entidade organizadora.